



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



CONCELLO DE SANTIAGO

INFORMACIÓN SOBRE A SOLICITUDE DE USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS (IDMs) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES PUNTUAIS DURANTE A ÉPOCA DE VERÁN.

Apertura do prazo de solicitude de instalacións deportivas municipais para o desenvolvemento de actividades, programas, campionatos e outro tipo de acontecementos deportivos, en xeral, a realizar durante o **período do 22 de xuño ao 15 de xullo de 2023**, ambos inclusive.

Á vista do incremento do número de propostas deportivas e recreativas que se pretenden organizar durante os períodos de menor carga competitiva e vacacionais, desde o Departamento Municipal de Deportes considérase necesario establecer un prazo oficial de solicitude das diferentes instalacións deportivas polos motivos que a continuación se expoñen:

- Para valorar en tempo e forma as diferentes propostas e iniciativas a realizar.
- Para establecer un proceso que garanta unha rápida resposta a todos os interesados facilitando, en caso afirmativo, que o solicitante dispoña de tempo suficiente para a organización, difusión e preparación da actividade prevista.
- Para potenciar aquelas propostas e modalidades deportivas que polas súas singulares características dispoñen de pouca presenza ao longo da tempada nos recintos municipais.
- Para contribuír na elaboración de programas que faciliten a conciliación familiar.

É moi importante ter presente que a apertura deste prazo non significa que todas as solicitudes sexan atendidas, dado que **únicamente se habilitaran unhas poucas instalacións para este tipo de propostas**. Todas as instalacións teñen un período de peche obrigado de 3 a 8 semanas durante a época vacacional, que dependerá de diversas cuestións internas (investimentos programados, labores de mantemento, situacións contractuais, etc.).

OBXECTO

É obxecto deste proceso organizar o procedemento de solicitude de uso das IDMs para o desenvolvemento de actividades e programas non oficiais e non competitivos (desde a perspectiva federativa) durante o seguinte período:

- Con carácter xeral, do 22 de xuño ao 15 de xullo, ambos inclusive.

As actividades de adestramento de equipos que estean en competición durante os meses de xuño, xullo ou agosto e aqueles que inicien a súa pretempada durante o mes de agosto por cuestións de calendario, non están suxeitos a cumprir con este período de solicitude, dado que as citadas actividades se consideran de carácter regular e vinculadas con competicións oficiais e federativas.



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



CONCELLO DE SANTIAGO

PREZO PÚBLICO

A utilización das instalacións deportivas estará suxeita ao cumprimento do prezo público aprobado na ordenanza fiscal 4.27.

DESTINATARIOS

- Entidades deportivas locais e asociacións da cidade, en xeral, que estean debidamente inscritas no rexistro municipal de asociacións.
- Calquera outro tipo de entidade debidamente constituída que xustifique a súa singularidade en base á actividade a desenvolver.

PRAZO E LUGAR DE SOLICITUDE

O prazo oficial de solicitude estará aberto ata o 12 de maio de 2023. As entidades interesadas deberán presentar obrigatoriamente a súa solicitude a través da sede electrónica do Concello de Santiago empregando o modelo de formulario DE003, que figura dentro do catálogo de trámites en materia deportiva denominado “USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DURANTE O VERÁN”.

Será obrigatorio presentar ao mesmo tempo o modelo de DECLARACIÓN RESPONSABLE que está dispoñible dentro do mesmo trámite.

As solicitudes que se presenten fóra deste prazo poderán ser atendidas segundo dispoñibilidade.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

1. **Solicitude oficial e declaración responsable** debidamente cubertas e asinadas polo/a Presidente/a ou representante legal da entidade (non se admitirán como válidas aquelas solicitudes que xa foron presentadas con anterioridade á apertura do prazo indicado anteriormente, quedando igualmente obrigadas a realizar este procedemento).

A solicitude incluírá unha breve memoria da actividade a desenvolver, na que se deberán indicar, cando menos, os seguintes datos:

- Obxectivo da actividade.
- Duración e datas.
- Horarios.
- Número máximo e mínimo de prazas posibles.
Importante: o número máximo virá condicionado pola capacidade do recinto que determine o Concello de Santiago.
- Idades ás que vai dirixido.
- Nº de edicións realizadas.
- Orzamento estimado de ingresos e gastos da actividade indicando a cota e modalidades de inscrición dos participantes.
- Explicación sobre os contidos e actividades a realizar.



- Para os campus ou xornadas técnicas, relación do persoal responsable, monitores, etc... con indicación da titulación académica deportiva.
- Calquera outro que se estime necesario para explicar a singularidade da proposta.

A maiores, na solicitude tamén se inclúe o compromiso de facer constar a colaboración do Departamento de Deportes do Concello de Santiago en toda a publicidade que se realice da actividade, así como á colocación de publicidade institucional nos recintos deportivos cedidos. Rematada a actividade deberase entregar unha breve memoria que achegue, cando menos, tres fotografías xerais da actividade, nas que se visualice a presenza da publicidade do Concello.

2. **Certificado do seguro responsabilidade civil. As entidades deberán dispoñer obrigatoriamente dun seguro de responsabilidade civil en vigor durante o período solicitado de uso da instalación, adaptado á normativa vixente e segundo as contías establecidas no artigo 8.1 do Decreto 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos en relación á instalación solicitada.** Deberase remitir a certificación da compañía aseguradora respecto da póliza de responsabilidade civil da entidade solicitante, na que se detalle o período de vixencia e obxecto, incluíndo coberturas e contías contratadas (r. civil de explotación, r. civil por danos ocasionados ao persoal contratado para a actividade, r. civil locativa por calquera tipo de dano que se poida producir na instalación como consecuencia da actividade, etc...)

Dito certificado poderá ser valorado polo Concello de Santiago, podendo ser solicitada, de estimarse procedente, unha ampliación das coberturas contratadas. En calquera caso, deberá acreditarse que a actividade a desenvolver está incluída dentro do obxecto e coberturas contratadas.

3. **Certificado do seguro de accidentes.** As entidades solicitantes asumen o compromiso en contratar un seguro de accidentes con cobertura sanitaria para os participantes, adaptado ao tipo de actividade a desenvolver. No momento que se confirme a reserva de instalación, deberá presentarse un certificado do mesmo con 8 días de antelación ao inicio da actividade. A presentación deste certificado é obrigatoria, polo que, no suposto de non achegarse en tempo e forma, se anulara a reserva efectuada de xeito automático.
4. Compromiso de presentación dun **protocolo específico organizativo da actividade**, que deberá detallar horarios de apertura e peche, definir o responsable xeral da actividade, concretar as necesidades e loxística da proposta, etc. Se fora obrigatorio nese momento, o protocolo adaptárase á

normativa COVID-19 vixente, cuxo contido mínimo, validación e compromisos se determinaran no momento de confirmación da reserva de instalación.

CONSIDERACIÓNS XERAIS A TER EN CONTA POLAS ENTIDADES INTERESADAS

É importante que as entidades interesadas teñan presentes as seguintes consideracións previas á hora de presentar a súa solicitude:

- As propostas das entidades deportivas locais que desfrutaron de maior carga de uso e ocupación nos recintos deportivos ao longo da tempada 2022/23 serán consideradas non prioritarias dentro da presente convocatoria. No suposto de solicitudes coincidentes no tempo, terá prioridade a entidade que menos horas de uso de instalacións tivese ao longo da tempada, con independencia do tipo de actividade e número de equipos e licenzas.
- Co fin de garantir a pluralidade e facilitar unha ampla participación, con carácter xeral, o número de IDMs a reservar para unha mesma solicitude e entidade será dunha instalación deportiva durante unha semana, podendo autorizarse unha segunda semana no caso de existir dispoñibilidade. Isto non quere dicir que exista a obriga de conceder os máximos expostos.
- Aquelas entidades que presenten máis dunha solicitude para actividades e instalacións diferentes deberán establecer a súa prioridade.
- As competicións oficiais e os adestramentos vinculados a equipos que durante o período obxecto desta convocatoria continúen en competición oficial condicionarán a dispoñibilidade de uso dos recintos.
- Aquelas propostas que polas súas singularidades precisen ocupar algún día máis sobre os máximos establecidos, deberán xustificar a súa necesidade, sen que esta circunstancia implique que os recintos estean dispoñibles.
- No suposto de suspensión da actividade prevista por parte da entidade, este feito terá que comunicarse o antes posible para poder ocupar o recinto con outra proposta. En todo caso, aquelas suspensións que se comuniquen nos últimos 15 días previos ao desenvolvemento da actividade sen causa xustificada poderán ser valoradas negativamente en futuras convocatorias.
- **NON SE TERÁ EN CONTA**, nin será obxecto de valoración, calquera solicitude que inclúa un número de días e de instalacións superiores aos definidos como máximos nestas bases.
- Con carácter xeral, non está permitida a instalación de estruturas desmontables nin de inchables dentro dos recintos.

EXENCIÓNS

Están exentas de cumprir co prazo de solicitude e requisitos indicados as seguintes actividades ou propostas:

- As competicións e torneos oficiais de ámbito federativo.



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



- Os adestramentos daquelas entidades que se atopen en competición ou teñan compromisos oficiais durante os meses de xuño, xullo e agosto.
- As actividades, campañas e/ou eventos que estean expresamente recollidas en convenios de colaboración ou en programas municipais do Concello de Santiago.

CRITERIOS XERAIS DE RESERVA

Se ben a intención é atender o maior número de solicitudes posible, considerando que poden darse coincidencias en datas e instalacións, empregaranse como referencia, entre outros, os seguintes criterios xerais, podéndose ampliar durante o proceso de estudo en base ao número e características específicas das propostas entregadas:

1. Número de edicións realizadas con anterioridade da actividade ou programa proposto.
2. Modalidade/-s deportiva/-s a realizar. Terán prioridade as disciplinas deportivas que menos horas de ocupación teñen ao longo da tempada regular, así como aquelas propostas que engloben a oferta de varios deportes e/ou actividades complementarias.
3. Aquelas propostas que faciliten a integración e participación de persoas con algún tipo de discapacidade, circunstancia que deberá de recollese de forma explícita na memoria.
4. Terán prioridade as propostas de entidades locais inscritas no rexistro municipal de asociacións fronte ás iniciativas de entidades de fóra do Concello.
5. As xornadas, programas e campus que inclúan a presenza de persoas de recoñecido prestixio no mundo do deporte.
6. Outras que poidan implicar a aplicación de criterios obxectivos de prioridade.

É importante salientar que probablemente non se poderán atender todas as solicitudes, polo que se **procurará confirmar a cesión de instalacións antes do 31 de maio**, sempre que a documentación presentada sexa completa, co fin de que as entidades interesadas poidan buscar outras alternativas.